PROMOVE: ORGANIZA

BASES DE PARTICIPACIÓN

do 11 ao 28 de novembro

Santiago(é)Tapas



1.- PRESENTACIÓN

SANTIAGO(É)TAPAS é o concurso de tapas de Santiago de Compostela, un evento promovido por Turismo de Santiago e organizado pola Asociación de Hostalería Compostela.

A XIII edición de SANTIAGO(É)TAPAS celebrarase do 11 ao 28 de novembro de 2021.

2.- INSCRICIÓNS E CONDICIÓNS

2.1 Poderán participar no concurso todos aqueles locais de hostalaría situados no termo municipal de Santiago de Compostela que o desexen, sempre que estean en posesión das licenzas oportunas.

2.2 Deberán rexistrarse, para tal fin, entre o 28 de setembro e o 9 de outubro (ambos incluídos) enviando a folla de inscrición por correo, entregándoa persoalmente na oficina técnica do concurso ou cubrindo o formulario de inscrición na páxina web *santiagoetapas.gal*

Rúa das Salvadas 29 . 15705 Santiago de Compostela

Enderezo electrónico: ***info@santiagoetapas.com***
Teléfono: 981 59 27 00

Horario: de 9 a 14 e de 16 a 19 horas de luns a xoves e
venres de 8 a 15 horas.

Xunto coa folla de inscrición deberán entregar, tamén cubertas, as fichas técnicas.

2.3 O presente concurso queda suxeito ás limitacións que, como consecuencia da actual situación de pandemia, se impoñan polas autoridades con competencias en materia de saúde pública. En execución das disposicións normativas que se dicten, a organización aplicará as mesmas, non sendo responsabilidade nin da promotora do concurso nin da organizadora, a natureza de tales medidas, aínda cando impliquen a suspensión ou adiamento do certame. En todo caso, tratarase de aplicar as medidas que se dicten buscando salvagardar todas as partes do concurso que sexan posibles.

3.- PARTICIPACIÓN

3.1 Cada local poderá presentar ao concurso un máximo de tres tapas.

Establécense dúas modalidades: **TAPA TRADICIONAL** e **TAPA CREATIVA**.

Enténdese por tapa creativa aquela que utilice produtos, técnicas de elaboración e presentación innovadoras.

Así mesmo, haberá un **Premio MARIDAXE CERVEZAS ALHAMBRA** e outro **Premio Á MELLOR TAPA SEN GLUTE**, *nos que poden participar ambas as dúas modalidades*.

Os prezos das tapas serán os seguintes:

- Entre 1,50 e 3,50 €.

3.2 Co fin de fomentar o uso de produtos autóctonos de temporada e de proximidade, fíxase como requisito imprescindible para participar que as tapas inclúan na súa elaboración, cando menos, un produto pertencente a algunha das denominacións de orixe ou indicacións xeográficas protexidas de Galicia.

3.3 FASE PREVIA

SANTIAGO(É)TAPAS ten entre os seus obxectivos incentivar a cultura gastronómica na cidade e fomentar a calidade da oferta. Con este fin, nas semanas previas, un equipo de preselección analizará as receitas e degustará as tapas presentadas a concurso (concretarase o día e hora con cada participante unha vez formalizada a súa inscrición).

Este equipo valorará que as propostas respondan ao concepto de tapa, entendendo por esta unha pequena porción de alimentos elaborados para acompañar cunha bebida. Non serán aceptadas aquelas que en realidade sexan racións ou medias racións e as que, ao seu xuízo, non ofrezan unha calidade mínima. Tampouco serán válidas para o concurso as tapas que habitualmente se sirvan de balde nos locais, aínda que se lles realizaran pequenas modificacións.

A organización comunicará aos locais a admisión ou non das tapas presentadas ao concurso. En caso de que a resolución sexa negativa, daráselles un prazo para presentar unha nova proposta ou ben mellorar a xa presentada.

Se non se cumpren os requisitos mínimos, a tapa poderá ser excluída do concurso.

3.4 As tapas admitidas deberán figurar na oferta habitual do local como mínimo durante os días de celebración do concurso (do 11 ao 28 de novembro de 2021), exceptuando os días oficiais de peche do local que deberán ser detallados na ficha de inscrición. Pasado o concurso, as tapas presentadas poderán seguir formando parte da oferta de cada local.

3.5 **Os locais participantes servirán as tapas como mínimo de 13.00 a 14.30 e de 20.30 a 21.30 horas e poderán ampliar este horario pero en ningún caso reducilo.**
Os que por algunha causa xustificada non poidan cumprir o horario estipulado deberán comunicarllo á organización para que poida acordarse un horario fixo e reflectilo en toda a comunicación do evento.

3.6 Unha vez que a organización confirme a admisión das tapas presentadas, os participantes deberán aboar, sexan membros ou non da Asociación de Hostalería, a cota de inscrición de **79 € (IVE incluído)**. Deberán facelo mediante transferencia bancaria ao número de conta de BANCO SABADELL - ES17 0081 0499 6000 0107 2312 , indicando no concepto: SANTIAGO(É)TAPAS + nome do local
Non se formalizará ningunha inscrición se non se fai efectivo o pagamento.

3.7 A organización fixa o número de locais participantes nun máximo de setenta (70), por rigorosa orde de inscrición.

En caso de que a demanda de participantes sexa moi elevada, abrirase unha lista de espera, co mesmo criterio da orde de inscrición, por se houber baixas entre os establecementos admitidos. A organización resérvase o dereito a aumentar o número de participantes final en función da demanda.

3.8 Todos os locais participantes están obrigados a acudir á sesión fotográfica das tapas previa ao inicio do concurso (entre o 15 e o 20 de outubro). A organización facilitará un servizo de fotografía para tal fin.

3.9 Tamén deberán:

- Colaborar en todas as accións de comunicación, prensa e relación públicas do evento.
- Selar o "Tapasporte" a todos os clientes que o precisen, logo de que consuman a tapa específica do concurso e emitan o seu voto.
- Emitir un informe final e colaborar nos informes parciais sobre o número de tapas e na enquisa de valoración do evento que se realizará co fin de elaborar propostas de mellora para as futuras edicións.

3.10 O incumprimento dalgunha das normas anteriormente citadas será motivo de expulsión do concurso.

3.11 Por outra parte, o xurado restará 0,5 puntos como sanción por incumprir cada unha das regras seguintes as que estarán obrigados os participantes:

- Exhibir nun lugar visible do interior do local o distintivo que identificará os participantes no concurso SANTIAGO(é)TAPAS.
- Indicar e diferenciar de xeito visible na súa oferta dentro do local as tapas que participen no concurso.
- Exhibir nun lugar visible do local a urna de votación.
- Respectar o horario mínimo establecido para o servizo das tapas.
- Servir a tapa cos mesmos ingredientes que se publicitan no Tapasporte.

4.- PREMIOS

4.1 Premios SANTIAGO(É)TAPAS 2021

Entre todas as tapas presentadas outorgaranse, mediante o voto ponderado do xurado profesional e do público, os seguintes premios:

Primeiro premio á tapa creativa SANTIAGO(É)TAPAS 2021,
dotado cun diploma e 1.000 euros.*

Primeiro premio á tapa tradicional SANTIAGO(É)TAPAS 2021,
dotado con diploma e 1.000 euros.*

Segundo premio á tapa creativa SANTIAGO(É)TAPAS 2021,
dotado con diploma e 500 euros.

Segundo premio á tapa tradicional SANTIAGO(É)TAPAS 2021
dotado con diploma e 500 euros.

Premio MARIDAXE CERVEZAS ALHAMBRA
dotado con diploma, 500 euros en produto e un showcooking nun evento do patrocinador.

Premio Á MELLOR TAPA SEN GLUTE, outorgado pola Asociación de Celíacos de Galícia, e dotado cun diploma e unha cesta de produtos sen glute.

*Aquela tapa que obteña unha maior puntuación entre o primeiro premio da tapa creativa e o primeiro premio da tapa tradicional representará a Santiago no concurso De tapas por Galicia organizado por Turismo de Galicia.

4.2 Premios do público 2021

As votacións poderán realizarse nas urnas situadas nos locais participantes. Os cupóns serán os pousavasos oficiais do concurso que se distribuirán para a ocasión. As tapas degustadas poderanse valorar de 0 a 5 e as gañadoras resultarán da media desas puntuacións.

Como resultado desta votación popular, outorgaranse os seguintes premios:

Premio tapa do público 2021, na modalidade creativa,
dotado con diploma e 700 euros.

Premio tapa do público 2021 na modalidade tradicional,
dotado con diploma e 700 euros.

Todos os establecementos inscritos optarán aos premios do público outorgados a partir das votacións dos consumidores emitidas durante os días de celebración do concurso SANTIAGO(É)TAPAS, do 11 ao 28 de novembro.

4.3 Votacións

En cada establecemento só se poderán votar as tapas consumidas nel e en ningún caso as tapas doutro local, a razón dun único voto por tapa consumida. Os votos que non cumpran estas regras serán anulados.

Co obxecto de respectar ao máximo a decisión popular, os premios do público non son excluíntes e poden concorrer no mesmo local.

4.4 Participación

A participación na categoría dos premios SANTIAGO(É)TAPAS 2021 por parte dos establecementos é voluntaria. É dicir, só poderán optar a estes premios os locais que o soliciten explicitamente na folla de inscrición.

Esta inscrición implica as seguintes condicións:

a. A organización avisará aos establecementos participantes na categoría premios SANTIAGO(É)TAPAS 2021, polo menos o día anterior, da data e da hora aproximada (dentro do horario do concurso) na que o xurado profesional (entre 2 e 4 persoas) vai acudir ao local para avaliar as tapas participantes nesta categoría.

b. O establecemento asumirá o custo das tapas e das consumicións do xurado profesional.

c. O xurado profesional en ningún caso avaliará as tapas dos establecementos que non se inscribiran explicitamente nesta categoría.

d. A elección das tapas gañadoras dos premios SANTIAGO(É)TAPAS farase mediante a ponderación da valoración do xurado profesional e a puntuación media obtida dos votos populares, coas seguintes características:

1 O xurado profesional avaliará as tapas.

2. A puntuación final de cada tapa será o resultado da ponderación das puntuacións outorgadas polo xurado profesional (60%) e polo público (40%). As tapas gañadoras dos premios SANTIAGO(É) TAPAS 2021 serán as que obteñan a maior puntuación total. En caso de empate, gañarán aquelas que teñan maior número de votos populares absolutos.

e. A organización velará especialmente porque se cumpran as bases anteriores e poderá eliminar do concurso os establecementos que non as cumpran.

4.5 Entrega dos premios SANTIAGO(É) TAPAS 2021

A gala de entrega dos premios SANTIAGO(É) TAPAS 2021 celebrarase a primeiros do mes de decembro de 2021. Durante o transcurso do evento, daranse a coñecer as dez tapas que máis puntación obtiveran, así como as propostas gañadoras.

5.- XURADO PROFESIONAL

5.1 O xurado profesional puntuará as tapas en función dos criterios de valoración que se indican a continuación, no punto 5.3. Cada membro do xurado avaliará cada tapa segundo estes criterios de valoración. A puntuación final de cada tapa será a media aritmética da suma das distintas puntuacións outorgadas polos membros do xurado.

O xurado estará coordinado por un secretario/a, que velará polo cumprimento das regras de funcionamento. O xurado terá en conta non só a elaboración e o sabor das tapas, senón tamén a súa presentación e a calidade do servizo. Así mesmo, sancionará con ata 0,5 puntos os locais que non cumpra coas indicacións da organización no tocante á colocación dos elementos de comunicación do concurso.

5.2 O xurado estará composto por persoas do ámbito da hostalaría, do turismo, do xornalismo gastronómico, bloggers e entidades relacionadas coa promoción enogastronómica, de xeito que se garanta un veredicto que redunde na excelencia e na credibilidade do concurso.

5.3 Criterios de valoración do xurado

Os criterios de valoración do xurado oficial, serán os que seguen:

Presentación: Cor, volume, orixinalidade, harmonía, facilidade para comer.

Sabor e aroma: Condimentación correcta, arrecendo, acabado de facer.

Elaboración e técnica: Punto de cocción correcto, dificultade, imaxinación.

Temperatura do servizo: Correcta ou incorrecta. Frío, morno, quente.

Maridaxe con Alhambra: Que o sabor da tapa non oculte o sabor da cervexa

Puntuación de 1 a 5 podendo cualificar con decimais.